

*Orde do 18 de xuño de 2004 pola que se conceden axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, que participen en estadias e intercambios con centros educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa de linguas.*

Por orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 12 de decembro de 2003, convocáronse axudas para alumnos e profesores de centros públicos docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, que participen en estadias e intercambios con centros educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa de linguas.

Vista a proposta da comisión de selección prevista no artigo sétimo da citada orde,

#### RESOLVO:

Primeiro.-Conceder con cargo ao concepto orzamentario 07.04.322T.480.0 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, as axudas que se relacionan no anexo I, correspondentes ao terceiro prazo por un importe total de 76.105,60 euros.

Segundo.-Recoller no anexo II as axudas denegadas.

Terceiro.-De acordo co artigo noveno da orde de convocatoria as axudas serán aboadas da seguinte forma:

Para as axudas que non superen o importe de 6.000 euros, aboarase un anticipo de pagamento de ata un 80%, logo da aceptación da subvención. O 20% restante librarase unha vez finalizada a actividade e despois da súa completa xustificación económica por parte do centro e entrega da memoria de actividades, xuntando certificación respecto da percepción ou non doutras axudas e subvencións para a mesma finalidade, para efectos do disposto no artigo 78.4º e) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Nas axudas que superen esta cantidade o pagamento realizarase integramente unha vez finalizada e xustificada a actividade.

Cuarto.-De acordo coa normativa vixente, os beneficiarios quedarán obrigados a:

1. Aceptar a axuda concedida. Neste sentido, se no prazo de dez días, contados a partir do da recepción da comunicación pola que se notifica a concesión da axuda, o centro beneficiario non a acepta, entenderase que renuncia á súa percepción.

2. Facilitar a información requirida e someterse ás accións de comprobación ou control financeiro que poida efectuar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os organismos competentes.

3. Xustificar o correcto investimento das axudas recibidas, mediante a presentación da seguinte documentación:

Unha vez efectuada a viaxe, o centro docente, como entidade colaboradora da xestión de axudas públicas, deberá, de acordo co establecido no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, tramitar a seguinte documentación no prazo máximo de un mes:

1. Memoria. Os centros beneficiarios enviarán unha memoria das actividades realizadas que inclúe:

a) Resumo do desenvolvemento da actividade realizada.

b) Obxectivos conseguidos.

c) Procedemento de avaliación utilizado, resultados obtidos e difusión que se realizou deles. A memoria estará acompañada por unha certificación do director do centro en que se faga constar o nome e número de DNI do profesor responsable do proxecto e dos profesores que o acompañaron na viaxe.

2. Xustificación dos gastos efectuados.

Os centros educativos enviarán unha certificación do consello escolar do centro aprobatoria do gasto, xuntando unha relación detallada dos gastos efectuados, así como unha certificación de ter ou non ter subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou ente público.

Quinto.-Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento correcto desta orde.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2004.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

## ANEXO I

CENTRO	ACCIÓN	PROXECTO	Nº PROF.	Nº ALUM.	PAÍS	INICIO	FIN	SOLICITADO	CONCEDIDO
IES MARQUÉS DE SARGADELOS, CERVO (LUGO)	V.P	ACHEGAMENTO AO SISTEMA EDUCATIVO E MODO DE VIDA AMERICANO	1	0	USA	24-9-2004	30-9-2004	1.350 €	1.350 €
ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS, PONTEVEDRA	V.P	ALLA SCOPERTA DELLA COSTA AMALFITANA IMPARANDO L'ITALIANO	1	0	ITALIA	16-8-2004	22-8-2004	1.117 €	900 €
IES XELMIREZ II, SANTIAGO DE C. (A CORUÑA)	E.A	A HERDANZA ÁRABE-ANDALUZA DA CULTURA EUROPEA	2	14	MARROCOS	4-12-2004	18-12-2004	4.370 €	4.370 €
IES GERMAN ANCOCHEA QUEVEDO, A POBRA DE TRIVES (OURENSE)	V.P	VISITA PREPARATORIA DE INTERCAMBIO ARRAS-TRIVES	1	0	FRANCIA	7-11-2004	13-11-2004	770 €	750 €
IES ALFONSO X O SABIO, CAMBRE (A CORUÑA)	E.A	UNHA PONTE ENTRE DÚAS FISTERRAS	2	24	FRANCIA	30-4-2004	9-5-2004	6.155,33 €	6.155,33 €
IES OTERO PEDRAYO, OURENSE	E.A	INTERCAMBIO CULTURAL CON FRANCIA	2	33	FRANCIA	17-3-2004	28-3-2004	5.950 €	5.950 €
IES A XUNQUEIRA I, PONTEVEDRA	E.A	ESTUDO COMPARATIVO ENTRE OS VIÑOS DA COMARCA DO SALNÉS E OS DO LANGUEDOC, ROUSSILLÓN, PROVENCE	2	13	FRANCIA	2-10-2004	12-10-2004	8.400 €	4.120 €
IES TERRA DE TURONIO, GONDOMAR (PONTEVEDRA)	E.A	EUROPA PEREGRINA A SANTIAGO	2	24	FRANCIA	25-3-2004	5-4-2004	12.503 €	6.870 €
IES MIRAFLORES, OLEIROS (A CORUÑA)	E.A	GALICIA E BRETAÑA...O MAR QUE NOS UNE	2	29	FRANCIA	21-3-2004	2-4-2004	8.120 €	8.120 €
IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR, VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA)	E.A	O MAR-A TERRA	2	19	FRANCIA	20-3-2004	1-4-2004	11.032,14 €	5.620 €
ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE SANTIAGO, SANTIAGO DE C. (A CORUÑA)	V.P	INTERCAMBIO CULTURAL E LINGÜÍSTICO	1	0	FRANCIA	25-8-2004	28-8-2004	550 €	550 €
IES ALMIRANTE SALVADOR MORENO, MARÍN (PONTEVEDRA)	E.A	TRADICIÓN, USOS, COSTUMES, VIDA ESCOLAR E FAMILIAR EN GALICIA E BORGOÑA	2	20	FRANCIA	26-11-2004	9-12-2004	11.731 €	5.870 €
IES FERMIN BOUZA BREY, VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA)	E.A	O MAR-A TERRA. LA MER-LA TERRE. ARMOR-ARCOAT	2	27	FRANCIA	20-3-2004	1-4-2004	14.733,10 €	7.620 €
IES FREI MARTÍN SARMIENTO, PONTEVEDRA	E.A	ESTUDO DOS PRINCIPAIS MONUMENTOS HISTÓRICOS DE TROYES	2	19	FRANCIA	13-2-2004	22-2-2004	6.518,90 €	5.620 €
IES O COUTO, OURENSE	E.A	MELLORA A TÚA LINGUA ESTRANXEIRA DENDE A AMIZADE, A FAMILIA, OS COSTUMES E O OCIO	2	31	FRANCIA	21-3-2004	2-4-2004	10.864 €	7.120 €
IES CASTRO ALOBRE, VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA)	E.A	FUSIÓN DE CAMIÑOS E CULTURAS ENTRE FRANCIA E ESPAÑA	2	24	FRANCIA	28-2-2004	9-3-2004	11.452,32 €	5.120,27 €
									76.105,60 €

## ANEXO II

CENTRO	ACCIÓN	PROXECTO	Nº PROF.	Nº ALUM.	PAÍS	INICIO	FIN	SOLICITADO	OBSERVACIÓNS
IES LUIS SEOANE, PONTEVEDRA	V.P	ILUSOPO VI-II	1	0	POLONIA	20-9-2004	24-9-2004	950 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
IES ROSALÍA DE CASTRO, SANTIAGO DE C. (A CORUÑA)	E.A	CHANTER ET DANSER	3	33	FRANCIA	12-6-2004	26-6-2004	19.535,50 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
IES ROSALÍA DE CASTRO, SANTIAGO DE C. (A CORUÑA)	E.A	BRETAÑA E GALICIA DÚAS REXIÓNS CON PUNTOS EN COMÚN	2	20	FRANCIA	11-10-2004	20-10-2004	11.085 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
IES GONZALO TORRENTE BALLESTER, PONTEVEDRA	E.A	UN MAR DE LINGUAS	4	40	FRANCIA	19-9-2004	2-10-2004	19.800 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
A NOSA SRA. DOS OLLOS GRANDES, LUGO	E.A	PROXECTO PEDAGÓXICO DE INTERCAMBIO CO TIBBLE GYMNASIUM SUECIA	2	27	SUECIA	28-4-2004	8-5-2004	11.322,35 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
IES EDUARDO PONDAL, SANTIAGO DE C. (A CORUÑA)	E.A	L'ART PREND LA PAROLE	2	23	FRANCIA	10-4-2004	20-4-2004	7.633,82 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
IES EUSEBIO DA GUARDA, A CORUÑA	E.A	DÚAS TERRAS, UN SÓ MAR. GALICIA E PAYS DE LA LOIRE	2	20	FRANCIA	19-4-2004	29-4-2004	5.870 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
IES R. PUGA RAMÓN, A CORUÑA	E.A	LA BRETAGNE UN GRAND NEZ QUI RESPIRE LA MER	1	23	FRANCIA	21-3-2004	2-4-2004	4.797,15 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
IES ARZOBISPO XELMIREZ I, SANTIAGO DE C. (A CORUÑA)	E.A	ENCUNTRO MULTICULTURAL EN MARRAKECH	2	20	MARROCOS	4-12-2004	18-12-2004	5.870 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
IES ARZOBISPO XELMIREZ I, SANTIAGO DE C. (A CORUÑA)	V.P	VISITA PREPARATORIA PARA INTERCAMBIO CON ALUMNOS	1	0	ITALIA	9-10-2004	12-10-2004	900 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
CPI ALTAMIRA, SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA)	V.P	O FOLKLORE	1	0	FRANCIA	1-7-2004	5-7-2004	900 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
IES MONTE CASTELO, BURELA (LUGO)	E.A	INTERCAMBIO MONTE CASTELO-GYMNAZIUM A SPORTONI GYMNAZIUM	2	12	R. CHECA	26-3-2004	4-4-2004	5.680 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
COLEXIO LA SALLE SANTIAGO, SANTIAGO DE C. (A CORUÑA)	E.A	AXUDAS PARA VIAXES DE ALUMNOS PARA A APRENDIZAXE DE LINGUA ESTRANXEIRA	2	30	FRANCIA	5-2-2004	15-2-2004	10.774,08 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
IES A SANGRIÑA, A GUARDA (PONTEVEDRA)	E.A	CONVERXENCIA EDUCATIVA EUROPEA	2	25	ITALIA	1-10-2004	10-10-2004	13.393 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
IES RAMÓN MENENDEZ PIDAL, A CORUÑA	E.A	INTERCAMBIO LINGÜÍSTICO	2	11	ITALIA	17-4-2004	26-4-2004	5.765 €	VALORACIÓN INSUFICIENTE
COLEXIO SALESIANO LA MERCED, CASTELO, CAMBADOS (PONTEVEDRA)	E.A	CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE INGLÉS EN IRLANDA	2	13	IRLANDA	27-6-2004	24-7-2004	6.060 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
COLEXIO MARISTA SANTA MARÍA, OURENSE	E.A	INTERCAMBIO CULTURAL CON CARY ACADEMY	1	10	EE.UU.	2-9-2004	24-9-2004	10.600 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
IES R. OTERO PEDRAIO, A CORUÑA	V.P	DO ATLÁNTICO AO ADRIÁTICO	2	21	ITALIA	27-9-2004	6-10-2004	7.835 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO, VIGO (PONTEVEDRA)	E.A	THE ROAD TO SANTIAGO DE COMPOSTELA VS THE FRANCI-GENA ROAD	2	20	ITALIA	13-4-2004	22-4-2004	12.960 €	VALORACIÓN INSUFICIENTE

CENTRO	ACCIÓN	PROXECTO	Nº PROF.	Nº ALUM.	PAÍS	INICIO	FIN	SOLICITADO	OBSERVACIÓNS
IES PAZO DA MERCÉ, AS NEVES (PONTEVEDRA)	E.A.	A VIDA NO VAL DO LOIRA	2	16	FRANCIA	9-10-2004	20-10-2004	6.942 €	FÓRA DE PRAZO
COLEXIO INMACULADA HH CARMELITAS, VIGO (PONTEVEDRA)	E.A.	INTERCAMBIO LINGÜÍSTICO	2	4	INGLATERRA	16-10-2004	23-10-2004	2.000 €	TIVO AXUDA EN ANOS ANTERIORES E VALORACIÓN INSUFICIENTE
IES RIBEIRA DO LOURO, O PORRIÑO (PONTEVEDRA)	V.P.	A APRENDIZAXE DUNHA LINGUA ESTRANXEIRA: NOVOS ENFOQUES	1	0	MALTA	20-6-2004	27-6-2004	1.050 €	TIVO AXUDA NO SEGUNDO PRAZO E ANOS ANTERIORES

## CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

*Orde do 21 de xuño de 2004 pola que se convocan bolsas para favorecer a investigación no campo dos estudos xacobeos.*

O artigo 4.3º do Decreto 8/1998, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, establece que lle corresponde á Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago a dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de promoción do Camiño de Santiago.

De conformidade coa referida disposición, a Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, co fin de favorecer a investigación no campo dos estudos xacobeos, considera necesario convocar unha serie de bolsas para que mozos universitarios, profesores de universidade e investigadores en temas xacobeos poidan participar no VII Congreso Internacional de Estudos Xacobeos «Visitandum est: santos e cultos no Codex Calixtinus».

Para tal fin,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo convoca 20 bolsas para participar no VII Congreso Internacional de Estudos Xacobeos «Visitandum est: santos e cultos no Códex Calixtinus»; que terá lugar en Santiago de Compostela os días 16, 17, 18 e 19 de setembro; este congreso ten como finalidade favorecer e promover a investigación e a análise en relación co Camiño de Santiago.

Artigo 2º.-Importe orzado.

O importe total do crédito destinado para esta convocatoria é de seis mil oitocentos euros (6.800 €). Cada unha das 20 bolsas dividirse en dous conceptos:

-Pola estadía, un máximo de 110 €.

-Por axuda de viaxe, un máximo de 230 € en función da distancia quilométrica, e do medio de transporte empregado.

O devandito importe satisfarao a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta

de Galicia con cargo á aplicación orzamentaria 10.01.353 D.480.0 do orzamento de gastos de 2004, unha vez finalizado o congreso e logo de acreditación de asistencia permanente.

Artigo 3º.-Beneficiarios e natureza xurídica da relación.

1. Poderán optar a estas bolsas:

-Os mozos universitarios.

-Profesores de universidade.

-Investigadores en temas xacobeos.

2. A condición de bolseiro en virtude desta orde non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral nin contractual coa Xunta de Galicia e tampouco dará lugar á súa inclusión na Seguridade Social.

3. No caso dos universitarios matriculados en calquera das universidades galegas, a asistencia ao congreso poderá ser imputada como crédito de libre configuración curricular, segundo o establecido no Real decreto 149/1987.

Artigo 4º.-Solicitudes e prazo de presentación.

Os interesados enviarán as súas solicitudes, conforme o modelo oficial anexo a esta orde, e a documentación requirida, á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, edificio administrativo San Caetano, bloque 3, 15771, Santiago de Compostela. Tamén poderán presentar as devanditas solicitudes nas dependencias das delegacións provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. En todo caso será de aplicación o disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 24 de xullo de 2004.

Os solicitantes deberán xuntar a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI da persoa que subscribe a solicitude.

b) Currículum vitae breve e documentación acreditativa do que nel se reflecte.

c) Os estudantes, certificación académica completa ou fotocopia compulsada dela.